

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 29 de xullo de 2016**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. David Regades Fernández  
D. Carlos López Font  
D. Cayetano Rodríguez Escudero.  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D. Angel Rivas González.  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Jaime Aneiros Pereira.

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Carmen Silva Rego  
M<sup>a</sup> José Caride Estévez

**Invitados**

D. José Manuel Fernández Pérez  
D<sup>a</sup>. Ana Laura Iglesias González  
D. Santos Hector Rodríguez Díaz  
D<sup>a</sup>. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día vinte e nove de xullo de dous mil dezaseis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, a interventora xeral acctal., Sr. Hernández Vidal, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(805).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

**2(806).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE VIXILANCIA E SEGURIDADE EN CEDRO E UBAS. EXPTE. 120815/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 28.07.16, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Política Social, de data 28.07.16, conformado polo secretario de Admón. Municipal, a concelleira delegada

da Área de Política Social e o concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

### I. ANTECEDENTES

I.1. A Xunta de Goberno Local (XGL) do Concello de Vigo, na súa sesión ordinaria de 4 de xullo de 2014, acordou adxudicar á mercantil "Eulen Seguridad, S.A." o procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia e seguridade en CEDRO e UBAS por un prazo de 2 anos (prorrogable), contado desde o 01.08.2014 por un prezo total de 133.584 euros.

I.2. O correspondente documento contractual foi asinado entre as partes o 31.07.2014, prestando o contratista a súa aceptación expresa ós Pregos de prescricións técnicas e cláusulas administrativas.

I.3. Tanto no contrato como no PCAP prevese a posibilidade de prorrogar, mediante acordo expreso da XGL, o seu prazo de execución inicial, que é de 2 anos, mediante dúas prórrogas dun ano cada unha, sempre que o contratista non se opuxese á mesma coa antelación estipulada: 5 meses antes da data de vecemento do contrato ou de calquera das súas prórrogas.

I.4. A data efectiva de inicio deste contrato fixouse no 01.08.2014, polo que o acordo municipal de prórroga deberá producirse necesariamente antes desa data, dado que xuridicamente non resulta posible prorrogar un contrato xa finalizado.

I.5. Tramítase o expediente administrativo co nº 120815-301 do Servizo de Benestar Social e consta nel a seguinte documentación:

- Resolución da Concellería delegada da Área de Política Social do 02.05.2016, ordeando a incoación de expediente administrativo.
- Escrito presentado no Rexistro xeral municipal o 20.04.2016 (doc. nº 160049930) polo representante de "Eulen Seguridad, S.A.", Dn. Jose Miguel Serantes Maceiras, solicitando a prórroga do contrato.

### II. NORMATIVA EXAMINADA

- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LRBRL (L. 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- ROF (RD.2586/1986, do 28 de novembro, Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime xurídico das Entidades locais).

- *LRX-PAC (L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico da Admóns. públicas e do Procedemento administrativo común).*
- *LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).*
- *TRRL (RDLex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).*
- *TRLCSP (RDLex.3/2011, do 14 de novembro, Texto refundido da Lei de Contratos do Sector público).*
- *RXC (RD.1098/2001, do 12 de outubro, Regulamento xeral da Lei de contratos das Admóns. Públicas), no que non se opoña á LCSP.*
- *RD.817/2009, do 8 de maio, Regulamento de desenvolvemento parcial da LCSP.*
- *TRLRFL (RDLex.2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).*
- *L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.*
- *L.39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.*
- *Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.*

### III. INFORME

*Emítase este informe de acordo co disposto no Art. 175 do ROF, segundo o que os informes para resolver os expedientes redactaranse en forma de proposta de resolución e conterán unha enumeración clara e sucinta dos feitos, as disposicións legais aplicables e alegación razonada da doutrina e os pronunciamentos que debe conter a parte dispositiva.*

#### III.1. COMPETENCIAS MUNICIPAIS EN MATERIA DE SERVIZOS SOCIAIS: XUSTIFICACIÓN.

*III.1.1. De acordo coa nova redacción do Art. 25.1 da LRBRL, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: «avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a personas en situación ou risco de exclusión social»; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).*

*III.1.2. A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social» residénciase agora na Admón. autonómica, que debería asumila a 31.12.2015, nos termos previstos nas normas reguladoras do sistema de financiamento autonómico e das Facendas locais e previa elaboración dun plan para a avaliación, reestruturación e implantación dos servizos (Disp. Transit. 2ª), sen prexuízo da súa eventual delegación nos municipios (Art. 27 LRBRL).*

*Se na data indicada a Comunidade Autónoma non tivese asumido o desenvolvemento dos servizos da súa competencia ou, de ser o caso, non acordase a súa delegación, seguirán prestándose polo municipio pero a cargo da CA e, se esta non transferise as contías precisas, aplicaránse as retencións nas transferencias que lle correspondan por aplicación do seu sistema de financiamento.*

*III.1.3. Sen prexuízo do anterior, e polo menos ata o 31.12.2015, os municipios debían continuar prestando os mesmos servizos sociais e de promoción e reinserción social que antes da entrada en vigor da LRSAL. Con posterioridade a esa data poderán tamén prestar aqueles servizos sociais non englobados dentro do impreciso título de «avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social», ben asumindo por delegación da Comunidade Autónoma a competencia en materia de servizos sociais, promoción e reinserción social (Art. 27.3.c] LRBRL e Disp. Transit. 2ª, apdo. 4, LRSAL), coas garantías implícitas agora en toda delegación desta natureza (financiamento, duración, cláusula de garantía de pagamento no exercicio das competencias delegadas ex Art. 57 bis LRBRL, etc.) ou ben exercéndoas como competencia distinta das propias e das delegadas previo cumprimento dos requisitos establecidos no novo Art. 7.4 da LRBRL.*

*III.1.4. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que “non se entenderá como exercicio de novas competencias”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).*

*Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).*

### **III.2. PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE SEGURIDADE EN CEDRO E UBAS : XUSTIFICACIÓN.**

*III.2.1. Con carácter xeral para todos os contratos, o Art. 23 do TRLCSP, de carácter básico, preceptúa que a duración dos contratos do sector público establecerase tendo en conta a natureza das prestacións, as características do financiamento e a necesidade de someter periodicamente a concorrência a realización daquelas.*

*III.2.2. O contrato poderá prever unha ou varias prórrogas, sempre que as súas características permanezan inalterables e que a concorrência para a súa adxudicación teña sido realizada tendo en conta a duración máxima do contrato, incluídas as prórrogas. Para tal efecto, o número máximo de prórrogas deberá figurar nos Pregos, como así sucede neste contrato.*

*III.2.3. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, a non ser que o contrato expresamente prevese o contrario, sen que poida producirse polo simple consentimento tácito das partes.*

*III.2.4. Especificamente, sobre a duración dos contratos de servizos, prescribe o Art. 303.1 do TRLCSP que estes non poderán ter un prazo de vixencia superior a catro (4) anos, coas condicións e límites establecidos nas respectivas normas orzamentarias das Administracións públicas, aínda que poderá preverse no mesmo contrato a súa prórroga por mútuo acordo das partes antes da finalización daquel, sempre que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, non exceda de seis (6) anos, e que as prórrogas non superen, aillada ou conxuntamente, o prazo fixado orixinariamente.*

*III.2.5. O contrato formalizado con “Eulen SEGURIDAD, S.A.” é un contrato administrativo de servizos (Arts. 10, 19, 301 e ss. e Anexo II TRLCSP) adxudicado mediante procedemento aberto e por un prazo inicial de dous (2) anos desde a súa data de inicio. Como xa se indicou antes, está expresamente prevista a posibilidade de ampliar a súa duración mediante dúas (2) prórrogas dun (1) ano cada unha.*

*III.2.6. Tanto a Xefatura do Servizo de CEDRO como a Xefatura desta Área e a Concelleira de Política Social, consideran conveniente autorizar a prórroga por un (1) ano máis deste contrato, estimando correcta e satisfactoria, en xeral, a execución das prestacións pactadas co contratista e valorando tanto a imposibilidade de asumila con medios propios como a necesidade de garantir a continuidade deste servizo . Xustifícase a súa existencia na necesidade de garantir a seguridade dos usuarios , traballadores e as n instalacións onde desenvolven o seu traballo.*

*III.3. A prórroga que aquí se propón realizaríase nas mesmas condicións inicialmente convidadas entre as partes (incluída a fórmula de revisión de prezos), sen variación ningunha a respecto das prestacións estipuladas no contrato orixinal suscrito o 31.07.2014, que non foi obxecto de modificación desde a súa adxudicación.*

*III.4. Tampouco non será necesario neste caso reaxustar a garantía prestada pois a única variación do prezo prevista será a derivada da aplicación da fórmula de revisión de prezos (cláusula 7 PCAP e Apdo. 4.c] FEC), que non ten a consideración nin, polo tanto, os efectos dunha verdadeira modificación do prezo contrato (Arts. 99.3 e ccdtes. TRLCSP).*

*III.5. O gasto representado por esta prórroga, que sería de 66.792 € (coa revisión do IPC que proceda), podería imputarse, agás indicación noutro sentido da Intervención xeral, á aplicación nº 3112.227.01.00 dos vixentes orzamentos municipais.*

*III.6. Antes da súa aprobación polo órgano de contratación, deberá recabarse e achegarse ó expediente o preceptivo informe de fiscalización da Intervención xeral municipal, como resulta dos Arts. 214 do TRLRFL, 109.3 e DA 2ª apdo. 8º do TRLCSP e ccdtes., xustificando a existencia de crédito adecuado e suficiente para facer fronte ó custo representado pola prórroga.*

*III.7. A competencia para aprobar a prórroga deste contrato correspóndelle á Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación que é (Art. 127 LRBRL e DA 2ª TRLCSP).*

#### **IV. CONCLUSIÓN**

*Resulta axustada a Dereito a proposta de prorrogar por un (1) ano máis o contrato celebrado o 30.06.2014 polo Concello de Vigo coa entidade “Eulen Seguridad, S.A.”, toda vez que:*

- a) Tanto a posibilidade de prorrogar o contrato como o número máximo de prórrogas admisibles están expresamente previstas no TRLCSP, no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares.
- b) A concorrencia para a súa adxudicación foi realizada tendo en conta xa a duración máxima do contrato, incluídas as prórrogas.
- c) As características do contrato administrativo de servizos formalizado para a prestación do servizo de seguridade en CEDRO e UBAS permanecerán inalterables.
- d) Constan neste informe, como fundamentación, as causas técnicas que xustifican esta primeira prórroga proposta.
- e) Consta a aceptación formal do contratista.
- f) Existiría crédito orzamentario para facer fronte ó gasto, a reserva do que sobre este extremo deba informar a Intervención xeral municipal.

#### V. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa aplicable propónse á XGL, logo do informe da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,

#### «ACORDO

*PRIMEIRO: Prorrogar de forma expresa por un período dun (1) ano, desde o 01.08.2016 e ata o 31.07.2017, o contrato do servizo de seguridade en CEDRO e UBAS adxudicado pola Xunta de Goberno Local do 04.07.2014 á mercantil “Eulen Seguridade, S.A.” (CIF nº A-28369395) e formalizado en documento administrativo o 31.07.2014, de conformidade co previsto no Art. 303.1 do TRLCSP e nas FEC do Prego de cláusulas administrativas particulares.*

*SEGUNDO: Aprobar o gasto de 66.792,00 € que representa esta primeira prórroga anual a favor de “Eulen Seguridade, S.A.”, coa revisión do IPC que proceda, que poderá imputarse á aplicación orzamentaria nº 3112.227.01.00. e a súa bolsa de vinculación.*

*TERCEIRO: Notificar este acordo ó contratista, con indicación de que contra él caberá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 116 - 117 da Lei 30/92 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98)».*

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **3(806).- DAR CONTA DA INTEGRACIÓN DAS ENTIDADES MAPFRE FAMILIAR E MAPFRE SEGUROS DE EMPRESAS NA ÚNICA ENTIDADE MAFRE ESPAÑA. EXPTE. 250/242.**

D-ase conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación do 28.07.16, conformado polo concelleiro delegado da Área, que di o seguinte:

## NORMATIVA DE APLICACIÓN

- *Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ó TRLCSP.*

## ANTECEDENTES

*Primeiro.- Mediante escrito presentado no Rexistro Xeral deste Concello, en data 07/01/16 (expediente 20171-517 que figura no servizo de Base de Datos), a empresa adxudicataria do seguro de Responsabilidade Civil deste Concello, pon en coñecemento do mesmo que as entidades Mapfre Familiar e Mapfre Seguros de Empresas quedan integradas en Mapfre España, solicitando que se teña por comunicado este acto.*

*En acreditación do solicitado, pola correduría de Seguros deste Concello, GTA, achegase por correo electrónico, copia das escrituras de fusión por absorción de: "Mapfre Seguro de Empresas, compañía de Seguros e Reaseguros, S.A." Unipersonal ( Sociedade absorbida) por parte de "Mapfre Familiar, compañía de seguros y Reaseguros S.A." Unipersonal (Sociedade Absorbente), e así mesmo achegan copia da escritura de cambio de denominación da compañía "Mapre Familiar compañía de seguros e reaseguros, S.A." pola de "Mapfre España. Compañía de seguros e Reaseguros con C.I.F.: A-28141935, de data 21 de decembro de 2015".*

*Segundo.- A entidade Mapfre Seguros de Empresas CIA. Seguros y Reaseguros, S.A., é na actualidade a titular do contrato de seguro de Responsabilidade civil e patrimonial do Concello de Vigo e os seus Organismos Autónomos, mediante contrato formalizado en data 2 de xullo de 2014.*

## FUNDAMENTOS XURIDICOS

*Primeiro.- O acordo de fusión por absorción e cambio de denominación, adoptados por "Mapfre Seguro de Empresas, compañía de Seguros e Reaseguros S.A." , non afectan ó réxime contractual existente e que vincula á mesma con esta Administración como titular do contrato da póliza de seguros de Responsabilidade Civil e Patrimonial do Concello de Vigo e os seus Organismos Autónomos, sendo de aplicación o disposto no artigo 80 do TRLCSP, consonte o cal " no caso de fusión de empresas nas que participe a empresa contratista, continuará o contrato coa sociedade absorbente ou resultante da fusión, que quedará subrogada en todos os dereitos e obrigas dimanantes do mesmo.*

*Conseguentemente a entidade Mapfre familiar, compañía de seguros e reaseguros S.A., (actualmente denominada Mapfre España, compañía de seguros y reaseguros S.A.), queda subrogada en todos os dereitos e obrigas do citado contrato da póliza de seguros que ten contratada esta administración.*

*Segundo.- Resulta competente para a adopción do acordo de resolución do presente expediente a Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda do TRLCSP).*

*En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

"Tomar razón do acordo de fusión por absorción e posterior cambio de denominación, da entidade adxudicataria do Seguro de Responsabilidade Civil e os seus Organismos Autonomos, "Mapfre Seguro de Empresas, compañía de Seguros e Reaseguros S.A." ( sociedade absorbida) , e "Mapfre Familiar, Compañía de Seguros y Reaseguros S.A., con CIF A- 28141935 (sociedade absorbente), e cambio de denominación desta última a Mapfre España, compañía de seguros y reaseguros S.A. ( CIF A-28141935), quedando subrogada no contrato de seguro de Responsabilidade Civil do Concello de Vigo e os seus Organismos Autónomos concertado".

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local presta conformidade á precedente proposta.

### **4(807).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DE SERVICIOS DE MANTENIMENTO DAS INSTALACIÓNS, TÉCNICOS, AUXILIARES E DOCENTES COMPLEMENTARIOS PARA O FUNCIONAMENTO DAS PISCINAS CUBERTAS DE TRAVESAS E O BERBÉS. EXPTE. 14892/333.**

Dáse conta da proposta da Mesa de Contratación de data 28.07.16, que di o seguinte:

*A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 28 de xullo de 2016, realizou entre outras, as seguintes actuacións:*

#### **4.- Clasificación**

- a) *Procedemento aberto de servizos de mantemento das instalacións, técnicos, auxiliares e docentes complementarios para o funcionamento das piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e os ximnasios das Travesas e o Berbés (14.892-333)*

*Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:*

*"Primeiro.- Excluir a CLECE, S.A., do procedemento aberto para a contratación de servizos de mantemento das instalacións, técnicos, auxiliares e docentes complementarios para o funcionamento das piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e os ximnasios das Travesas e o Berbés (14.892-333), por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, e non xustificalos, conforme ó informe do do director técnico da Unidade Deportiva, de data 27 de xullo de 2016.*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento na seguinte orde decrecente:*

	<b>Empresas</b>	<b>Puntuación</b>
1	FCC AQUALIA, SA - IDONEA CYS, SL	100,00
2	GAIA GESTION DEPORTIVA SL	68,40
3	SERVIOCIO, SL	36,36
4	FERROVIAL SERVICIOS, SA	33,26



*Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE FCC AQUALIA, S.A. - IDONEA CYS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- 3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- 4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.088,74 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

### **5(808).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A CORPORACIÓN HIJOS DE RIVERA S.L. PARA ACTIVIDADES DO PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2016. EXPTE. 6576/335.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 22.07.16, e o informe de fiscalización do 28.07.16, dáse conta do informe-proposta de data 21.07.16, asinado pola xefa do Servizo de Festas, a concelleira de Festas e Turismo e o concelleiro delegado da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

*O Concello de Vigo está traballando no programa VIGO EN FESTAS 2016, que foi aprobado por decreto da Concelleira de Festas e Turismo de data 6 de xuño de 2016, e que se achega como ANEXO I a esta proposta de convenio.*

*De conformidade cos artigos 25.1 e 25.2.m da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, o Concello de Vigo está interesado en potenciar a oferta sociocultural da cidade, así como en achegarlle á cidadanía propostas de actividades culturais, de ocupación de tempo libre, deportivas e de turismo*

*Con data 15 de xuño de 2016, D. Antonio Viejo Puga en representación da entidade CORPORACIÓN HIJOS DE RIVERA, S.L. achega escrito dirixido á Concelleira de Festas e Turismo onde manifesta o interese en colaborar co Concello de Vigo no fomento de actividades socioculturais, turísticas, deportivas e principalmente festivas, todas elas de interese xeral, que celebren na cidade de Vigo, nos termos do artigo 25 da Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.*

*Coa fin de establecer a relación entre O Concello de Vigo e a CORPORACIÓN HIJOS DE RIVERA, S.L., a Xefa do servizo de Festas redactou unha proposta de convenio de colaboración que se achega adxunto a este informe.*

*A antedita proposta de convenio foi enviada á CORPORACIÓN HIJOS DE RIVERA, S.L., coa fin de que fora revisada e posteriormente aceptada polos seus servizos xurídicos.*

*Que o presente convenio esta excluído segundo o artigo 4.1.d) da aplicación do Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, sendo de aplicación a devandita Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.*

*O obxecto do presente convenio é establecer a relación entre O CONCELLO, e CORPORACIÓN HIJOS DE RIVERA, S.L. para a colaboración nas actividades do programa VIGO EN FESTAS 2016, que terán lugar en Vigo entre o 8 de xullo e o 20 de agosto de 2016, e que se detallan no ANEXO I deste convenio.*

*En virtude da proposta de convenio O CONCELLO obrígase a:*

*a) Incluír á ENTIDADE como colaboradora nas actividades do programa “VIGO EN FESTAS 2016”. O CONCELLO incluirá o logotipo da ENTIDADE en todo o material gráfico que edite, en concreto nos seguintes soportes: 20.000 (vinte mil) programas de man; 1.000 (mil) carteis; lonas, publicidade dixital, MUPIS, páxina web do Concello de Vigo, e nas insercións publicitarias que realice o O CONCELLO con motivo do programa “VIGO EN FESTAS 2016”.*

*b) A entregar á ENTIDADE trinta entradas de cada un dos concertos promovidos en exclusiva polo Concello (previstos na programación para o auditorio ao aire libre de Castrelos e que figuran detallados no anexo ao presente convenio).*

*c) A asumir todo o concernente á organización, coordinación e desenvolvemento das actividades obxecto do convenio (infraestruturas, necesidades técnicas de produción, publicidade, permisos, venda de entradas, dereitos de autor e seguridade).*

*En virtude da proposta do presente convenio A ENTIDADE obrígase a:*

*a) Aboar ao CONCELLO a cantidade descrita na cláusula segunda do texto do convenio.*

*b) Entregar os seus logotipos ao Servizo de Festas.*

*Para o desenvolvemento do programa Vigo en Festas 2016, o servizo conta coa aplicación presupostaria 3380.2260906 (Festas de Vigo).*

*Á vista do exposto, previos os informes xurídico e da Intervención de Fondos, e da concelleira delegada da Área de Festas e Turismo, faise á Xunta de Goberno local a seguinte*

#### **PROPOSTA**

*1º.- Que se aprrobe o texto do convenio de colaboración que se achega no expediente 6576-335, entre o Concello de Vigo e CORPORACIÓN HIJOS DE RIVERA, S.L. para actividades socioculturais do programa “VIGO EN FESTAS 2016”.*

#### **Acordo**

*A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.*

PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E  
CORPORACIÓN HIJOS DE RIVERA, S.L. PARA ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS DO  
PROGRAMA "VIGO EN FESTAS 2016"

Vigo,      xullo de 2016.

REUNIDOS

Dunha parte, dona Ana Laura Iglesias González, na súa calidade de Concelleira-delegada da área de Festas e Turismo do CONCELLO DE VIGO, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de data 19 de xuño de 2015.

Doutra parte, D. Antonio Viejo Puga, con DNI 36120668-L, en representación da CORPORACIÓN HIJOS DE RIVERA S.L., CIF B-70313507, con domicilio social na cidade da Coruña, rúa José María Rivera Corral, 6.

MANIFESTAN

Primeiro.- Que o Concello de Vigo está interesado en potenciar a oferta sociocultural da cidade, así como en achegarlle á cidadanía propostas de actividades culturais, de ocupación de tempo libre, deportivas e de turismo, de conformidade cos artigos 25.1 e 25.2.m da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.

Segundo.- Que o Concello de Vigo está traballando no programa VIGO EN FESTAS 2016, cuxas actividades se recollen no decreto da Concelleira de Festas e Turismo de data 6 de xuño de 2016, e que vai a ter lugar na cidade de Vigo entre os días 8 de xullo e 20 de agosto, e que se achegan como ANEXO I a este convenio.

Terceiro.- Que a CORPORACIÓN HIJOS DE RIVERA, S.L., está interesada en colaborar co Concello de Vigo no fomento de actividades de interese sociocultural que se celebren na cidade de Vigo, en concreto en aquelas actividades socioculturais organizadas dentro do marco do programa "VIGO EN FESTAS 2016", nos termos do artigo 25 da Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Cuarto.- Que os dous intervenientes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos do mesmo, cuxo obxecto é apoiar e fomentar o desenvolvemento de actividades socioculturais do programa "VIGO EN FESTAS 2016" a celebrar na cidade de Vigo entre 8 de xullo e o 20 de agosto.

Quinto.- Que o presente convenio esta excluído segundo o artigo 4.1.d) da aplicación do Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, sendo de aplicación a devandita Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Sexto.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese sociocultural que para a cidade de Vigo representa o desenvolvemento das actividades recollidos no anexo I, o CONCELLO e CORPORACIÓN HIJOS DE RIVERA S.L., en adiante A ENTIDADE conveñen a súa colaboración no ámbito cultural mediante o presente convenio, en base aos seguintes:

## PACTOS

### Primeiro.- Obxecto.

O obxecto do presente convenio é establecer a relación entre O CONCELLO, e A ENTIDADE para a colaboración nas actividades do programa "VIGO EN FESTAS 2016", que terán lugar en Vigo entre o 8 de xullo e o 20 de agosto de 2016, e que se detallan no ANEXO I deste convenio.

### Segundo.- Compromisos da ENTIDADE.

A ENTIDADE achegará como colaboración no citado programa a cantidade de 100.000 € (CEN MIL euros) que serán ingresados mediante transferencia bancaria a favor do CONCELLO na conta da oficina principal de IBAN nº ES48 2080 5000 6331 1007 0132, nos quince días naturais seguintes á sinatura do convenio. O Tesoureiro do Concello de Vigo emitirá unha certificación acreditativa do pagamento polo importe ingresado.

### Terceiro.- Compromisos das partes.

#### 3.1. En virtude do presente convenio O CONCELLO comprometése a:

- a) Incluír á ENTIDADE como colaboradora nas actividades do programa "VIGO EN FESTAS 2016". O CONCELLO incluirá o logotipo da ENTIDADE en todo o material gráfico que edite, en concreto nos seguintes soportes: 20.000 (vinte mil) programas de man; 1.000 (mil) carteis; lonas, publicidade dixital, MUPIS, páxina web do Concello de Vigo, e nas insercións publicitarias que realice o O CONCELLO con motivo do programa "VIGO EN FESTAS 2016".
- b) A entregar á ENTIDADE trinta entradas de cada un dos concertos promovidos en exclusiva polo Concello (previstos na programación para o auditorio ao aire libre de Castrelos e que figuran detallados no anexo ao presente convenio).
- c) A asumir todo o concernerente á organización, coordinación e desenvolvemento das actividades obxecto do convenio (infraestruturas, necesidades técnicas de produción, publicidade, permisos, venda de entradas, dereitos de autor e seguridade, etc.).

#### 3.2. En virtude do presente convenio a ENTIDADE comprometése a:

- a) Aboar ao CONCELLO a cantidade descrita na cláusula segunda.
- b) Entregar os seus logotipos ao Servizo de Festas.

3.3. As partes, en virtude do establecido no presente convenio, obríganse a constituír, como mecanismo de seguimento deste convenio de colaboración no ámbito sociocultural, unha comisión de avaliación e seguimento composta por un representante da entidade asinante.

### Cuarto.- Público destinatario das actividades e venda de entradas.

As actividades programadas polo CONCELLO DE VIGO recollidas no anexo I deste convenio están destinadas ao público en xeral, o número de asistentes limitarase á capacidade do espazo donde se celebren.

O prezo dos concertos e espectáculos está fixado no decreto da Concelleira de Festas e Turismo de data 6 de xuño; o canal de venda das entradas é ATAQUILLA. O CONCELLO DE VIGO será o único beneficiario da recadación.nio.

Quinto.- Vexencia do convenio

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura, e permanecerá vixente ata o remate do programa "Vigo en Festas 2016".

Sexto.- Incumprimento do convenio.

O presente convenio poderá ser resolto por calquera das partes no caso de incumprimento grave e reiterado dalgún dos pactos do presente convenio, que non fora subsanado nun prazo de DEZ DIAS dende que se comunicase tal circunstancia á outra parte.

Sétimo.- Propiedade Intelectual.

7.1. Ningunha das manifestacións que contén o presente convenio supón a cesión ou transmisión de calquera dereito da propiedade intelectual ou industrial, titularidade, nin da ENTIDADE nin do CONCELLO.

7.2. O uso indebido ou para un fin distinto ao pactado no presente convenio, por algunha das partes, de calquera signo distintivo protexido polos dereitos de propiedade industrial ou intelectual, facultará á parte prexudicada para resolver o presente convenio e pedir a correspondente indemnización de danos e prexuízos a que houbera lugar.

7.3. A ENTIDADE aprobará, previo a súa publicación, toda aplicación que inclúa os seus signos distintivos (logos) en soportes publicitarios e materiais elaborados polo CONCELLO.

Oitavo.- Protección de Datos.

8.1. Cada unha das partes obrigarase a cumprir coas obrigas en materia de protección de datos que a cada unha lle corresponda no marco do presente convenio de conformidade con o previsto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal, así como na súa normativa de desenvolvemento.

8.2. Sen prexuízo do anterior, cada parte será responsabel fronte á outra de calquera incumprimento das súas obrigas definidas no presente convenio en materia de protección de datos de carácter persoal.

Noveno.- Competencia.

9.1. Para calquera controversia que poida presentarse como consecuencia do contido ou interpretación do presente convenio, en virtude do decreto da Alcaldía de 19 de xuño de 2015, e acordo da Xunta de Goberno de data 19 de xuño de 2015, a Concelleira da Área de Festas e Turismo queda facultada para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

Decimo.- O CONCELLO e A ENTIDADE non asumen ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

En proba de conformidade, ambas as partes asinan o presente convenio por triplicado, no lugar e data que se indican.

Pola ENTIDADE.

Polo CONCELLO DE VIGO

CORPORACIÓN HIJOS DE RIVERA S.L.

A Concelleira de Festas e Turismo

Antonio Viejo Puga,

Ana Laura Iglesias González

ANEXO I  
PROGRAMA “VIGO EN FESTAS 2016”  
*do 8 de xullo ao 20 de agosto*

AUDITORIO AO AIRE LIBRE DE CASTRELOS  
CONCERTOS INTERNACIONAIS E NACIONAIS

ANTHRAX + artista convidado – grupo de rock internacional – 19 de xullo – 22:30 horas.  
ANTONIO OROZCO – artista nacional – 20 de xullo – 23:00 horas.  
LA NOCHE MOVIDA (Jaime Urrutia, Pablo Carbonell, Coti, Javier Gurruchaga, Nacho Campillo, Nacho Vega, Alejo Stivel) – 22 de xullo – 22:30 horas.  
AURYN – grupo nacional – 23 de xullo – 22:30 horas  
CORAL CASABLANCA – 30 de xullo – 23:00 horas.  
ESPECTÁCULOS INFANTÍS “CATIVO-MUSICAIS”  
FURIOUS MONKEY HOUSE (grupo rock) – 26 de xullo – 20:00 horas  
MAGICAL - 27 de xullo – 20:00 horas.

OUTROS CONCERTOS

FESTIVAL ILLAS CÍES – Auditorio Mar de Vigo:  
TOQUINHO + MARIA CREUZA - 9 de xullo – 22:00 horas  
QUILAPAYÚN – 14 de xullo – 22:00 horas  
STEVE VAI – 25 de xullo – 21:00 horas  
XIRA VERÁN 2016 CADENA DIAL - rúa Areal – 21 de xullo – 20:00 horas  
FESTIVAL DE REGGAE DE VIGO- Paseo de Alfonso XII – 22:00 horas:  
IYAMAN PABLO & IRIE VIBES BAND - 22 de xullo  
GOYMAMBA - 29 de xullo  
ELEPHANTS YARD – 5 de agosto  
NATURAL GREEN - 12 de agosto  
NAPALMA - 19 de agosto  
DJ NEGRALHA - 26 de agosto  
MIDNIGHT WATER COLOUR FESTIVAL (Festival DJ's) - Samil – 30 de xullo – 18:00 horas  
MALÚ – IFEVI – 5 de agosto – 22:30 horas  
ORIGINAL BLUES BROTHERS BAND – Porta do Sol – 20 de agosto – 23:00 horas

FESTIVAL FOLCLÓRICO INTERNACIONAL

Grupos: PRNJAVOR (Serbia), FAMA (Colombia), SOL ARXENTINO (Arxentina), LA FIERA (Zaragoza), Banda de gaitas XARABAL, Asociación folclórica CORISCO e Agrupación folclórica LEMBRANZAS GALEGAS

ACTUACIÓNS EN BARRIOS – do 19 ao 23 de xullo – 21:30 horas  
19 de xullo: FAMA e PRNJAVOR – Auditorio da AVV San Miguel de Oia  
20 de xullo: FAMA e SOL ARXENTINO – Auditorio do CC Cabral  
21 de xullo: SOL ARXENTINO e PRNJAVOR – Alameda de San Andrés de Comesaña  
22 de xullo: FAMA e PRNJAVOR – Auditorio do Centro social cultural e recreativo de Beade  
23 de xullo: SOL ARXENTINO e LA FIERA – Auditorio do Centro veciñal e cultural de Valladares

ANIMACIÓNS EN RÚAS – do 20 ao 23 de xullo – 12:00 horas

20 de xullo: PRNJAVOR - Praza do Emigrante

21 de xullo: FAMA - Rúa peonil do Calvario

22 de xullo: SOL ARXENTINO - Praza confluencia rúas Sanjurjo Badía e Santander (Teis)

23 de xullo: LA FIERA – Porta do Sol

ACTO DE CLAUSURA con DESFILE – 24 de xullo - Participación de todos os grupos

- Desfile de grupos polas rúas García Barbón (desde Santiago de Vigo) e Policarpo Sanz  
– 20:00 h

- ACTO DE CLAUSURA - Auditorio Afundación – 21:30 horas

“O MARISQUIÑO” - 16ª Edición

Paseo das Avenidas e Praza da Estrela - do 12 ao 14 de agosto

ACTIVIDADES INFANTÍS POR BARRIOS

*Obradoiros e actividades infantís* – de 17.00 a 20:00 horas

Farola de Urzáiz/Colón/Príncipe – 1 de agosto

Zona peonil do Calvario – 2 de agosto

Bouzas – 3 de agosto

Teis – 4 de agosto

Praza da Independencia – 5 de agosto

Navia - 5, 6 e 7 de agosto.

VIGO STREET STUNTS, BODY EXTREME

As avenidas – do 8 ao 10 de xullo – de 17:00 a 20:00 horas

VIKUL

*4º Encontro internacional de Danza urbana de Vigo*

- Actuacións – Porta do Sol: 14 de xullo - 20:30 h (Infantil) e 16 de xullo – 23:00 h (Xuvenil e adulto)

- Competición Danza Urbana – Auditorio Mar de Vigo – 17 de xullo

FESTIVAL POÉTICO PIROMUSICAL

Bouzas – 17 de xullo – 23:00 horas

FESTA DA CULTURA:

*Actuacións de grupos folclóricos e de Vigosónico na Porta do Sol e Pasacalles desde a rúa Príncipe*

22 de xullo – Vigosónico (de 15:00 a 17:25 e de 22:00 a 01:00 horas) / folclóricos (de 19:00 a 21:45 horas)

23 de xullo – Vigosónico (de 15:00 a 17:25 e de 22:30 a 01:15 horas) / folclóricos (de 11:00 a 13:20 e de 18:00 a 21:15 horas)

O SON DAS MÁMOAS

*Actuacións musicais e actividades infantís*

Candeán (Campo de fútbol) – 23 de xullo – a partir das 18:00 horas

BANDAS DE MÚSICA

CALVARIO

Unión Musical de Cabral - 9 de xullo – 20:00 horas.

Unión Musical de Valladares- 16 de xullo – 20,00 horas.

Escola de Música da UVCD de Candeán - 23 de xullo – 20:00 horas

### PRAZA DA PRINCESA

Lira de San Miguel de Oia - 10 de xullo -12:30 horas  
Escola de Música da UVCD de Candeán - 17 de xullo -12:30 horas  
As Delicias do Caeiro- 24 de xullo -12:30 horas  
Atlántida de Matamá - 4 de agosto – 20:30 horas  
As Delicias do Caeiro - 5 de agosto – 20:30 horas  
Ateneo Musical de Bembrive - 8 de agosto – 20:30 horas  
Unión Musical de Cabral - 9 de agosto – 20:30 horas  
Escola de Música de Beade - 10 de agosto – 20:30 horas  
Escola de Música da UVCD de Candeán - 11 de agosto – 20:30 horas  
Unión Musical de Valladares - 12 de agosto – 20:30 horas  
Lira de San Miguel de Oia - 13 de agosto – 20:30 horas  
Unión Musical de Coruxo - 14 de agosto – 20:30 horas

### Ciclo MÚSICA DE CINE COAS BANDAS

Praza da Princesa – 27, 28, 29 e 30 de xullo – 21:30 horas

### ORFEÓNS ACOPOVI

Auditorio Mar de Vigo – 31 de xullo – 20:30 horas

### NOITE BRANCA

*Visitas guiadas, exposicións, concertos musicais*

Centros da rede museística e expositiva do Concello de Vigo: Museo de Castrelos, Pinacoteca FFR, Verbum-Casa das Palabras, Casa das Artes, Casa Galega da Cultura, Marco, Fundación Laxeiro, Museo Liste-Etnográfico de Vigo. Outros centros da cidade.  
12 de agosto - de 20:00 a 02:00 horas

Máis info: [www.vigocultura.org](http://www.vigocultura.org)

### FESTAS GASTRONÓMICAS

#### FESTA DA SARDIÑA

Carballeira da Guía – 30 e 31 de xullo – a partir das 10:00 horas

#### FESTA DO POLBO

Monte do Pozos (Valadares) – 14 de agosto – a partir das 11:00 horas

#### FESTA DO MEXILLÓN

Parque de Castrelos – 4 de setembro – a partir das 11:00 horas

### FESTIVAL INFANTIL PLIS-PLAS

*Teatro, música, conta-contos, xogos, obradoiros, deportes de aventura, danza, baile, mercado, animación de rúa*

Navia – 3 e 4 de setembro.

### VICUS SPACORUM

*V Festa romana*

Navia – 10 e 11 de setembro

**6(809).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE ÁRBORES, ARBUSTOS E PLANTA DE TEMPORADA. EXPTE. 8566/446.**



Dáse conta da proposta da Mesa de Contratación do 27.07.16 , que di o seguinte:

A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 27 de xullo de 2016, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

7.- Proposta de clasificación

- a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de árbores, arbustos e planta de tempada (8566-446)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Tomar razón do acordo da Mesa de Contratación, adoptado na sesión de 20 de xullo de 2016 de “Excluír a VIVEROS O PIÑEIRO, SL do procedemento aberto para a contratación do subministro de árbores, arbustos e planta de tempada (8566-446) por apartarse substancialmente a súa proposición do modelo recollido no apartado 7B do Anexo I do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta contratación, tal e como esixen o artigo 84 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas e a cláusula 13.5 C do referido prego”.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento na seguinte orde decrecente:

Empresa	Puntos
1. Jesus Gutierrez.Sierra	100
2. Perica Obras y Servicios, S.A.	88,71
3. Calfensa Proyectos, S.L	86,24
4. Centro Xardinería Carballeira S.L	68,76
5. Arboles de Noroeste,S.L	36,34

Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, JESUS GUTIERREZ.SIERRA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

*Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 661,90 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

### **7(810).- CONVOCATORIA DE AXUDAS SOCIO-SANITARIAS DO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL (FAS). EXPTE. 28335/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 6.07.16, dáse conta do informe-proposta de data 29.06.16, asinado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro delegado de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

#### ANTECEDENTES

1.- En escrito de data 27/06/2016, a Secretaria da Comisión Xestora do Fondo de Acción Social (FAS) remite á Área de Recursos Humanos e Formación oficio comunicando que en sesión de data 09/06/2016, a Comisión Xestora acordou a convocatoria de axudas socio-sanitarias 2016, que ascenden a un importe de 275.000 €, destinados a axudas en concepto de gastos non incluídos nin cubertos pola Seguridade Social (próteses dentais, oculares, ortopédicas, entre outras).

2.- O contido do texto da convocatoria transcribese literalmente:

#### CONDICIONS XERAIS.-

1.- **Ámbito persoal e beneficiarios.**

Poderán solicitar axudas o persoal municipal encadrado no cadro de persoal orzamentario e o personal laboral declarado indefinido por resolución xudicial firme. As axudas comprenderán ao traballador/a, cónxuxe e fillos/as menores de 25 anos (excepto discapacitados), que non teñan ingresos e convivan con este/a.

O persoal referido no parágrafo anterior deberá estar en situación de activo ou en excedencia por coidado de fillos/as, no prazo de presentación das solicitudes e reunir os requisitos esixidos polo programa.

No suposto de que dous empregados tivesen a condición de beneficiarios en relación co mesmo causante, só un deles terá dereito á axuda.

2.- **Prazo de presentación de solicitudes.**

O prazo de presentación de solicitudes será unha vez aprobada esta convocatoria pola Xunta de Goberno Local ata o 31 de agosto de 2016.

### 3.- Solicitudes e documentación complementaria.

a) As solicitudes efectuaranse no modelo normalizado, achegarase a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos establecidos nesta convocatoria e entregarase na sede física da Comisión Xestora do FAS(comité de persoal 5º andar). Esta acusará recibo formal da mesma e entregarase a/ao solicitante.

b) Documentación :

- Impreso de solicitude do Fondo Social.
- Fotocopia cotexada da factura ou orixinais (non se aceptan recibos), do concepto que motiva a axuda, con data de expedición dende o 01 de setembro de 2015 ata 30 de xuño de 2016.
- Páxina da declaración da renda onde figuran os datos familiares. Libro de Familia (só menores de 16 anos). No caso de fillos/as que non convivan co/a solicitante, documento que acredite a axuda económica.
- Parellas de feito, documentación acreditativa.

c) Requisitos e condicionantes das facturas e documentación a presentar:

- As facturas de gafas deberán especificar o importe da montura e dos cristais (para a montura concederase unha axuda máxima de 100 €), e achegárase coa mesma a valoración optrometrista.
- As facturas de dentista deberán ser detalladas.
- A/o solicitante autoriza á comisión para comprobar as retribucións percibidas no concello.
- Queda excluída a limpeza bucal do traballador/a por estar cuberta pola mutua.

d) A ocultación de datos, a falsidade na documentación achegada ou a omisión da requirida, darán lugar á denegación da axuda solicitada ou á perda da concedida, coa devolución, neste último caso, das cantidades indevidamente percibidas, con independencia das responsabilidades a que tivese lugar. En calquera dos casos, non se poderá acceder a ningún tipo de axuda durante o tempo que determine a Comisión do FAS, atendendo á gravidade dos feitos, cun mínimo de cinco anos e un máximo de dez.

### 4.- Procedemento e resolución.

a) Rematado o prazo de presentación de solicitudes, procederá ao seu estudo e cualificación a Comisión do FAS, que, unha vez ultimada a súa xestión, formulará a listaxe de admitidos e excluídos, con indicación neste último caso da/s causa/s de exclusión.

Para comprobar a veracidade dos documentos achegados, a Comisión do FAS poderá requerir a calquera solicitante para que presente a certificación que considere oportunas.

Os requisitos e condicións familiares e persoais entenderanse referidos ao prazo de presentación da solicitude.

A reunión de todos os requisitos exixidos, tanto de carácter persoal, como documental ou formal, permitirá a estimación da solicitude. Pola contra, a falta dalgún dos anteriores requisitos ou documentos que se deben de achegar coa solicitude inicial producirá a desestimación da solicitude.

b) Para a concesión da axuda e atendendo ás retribucións anuais do solicitante, establécense os seguintes tramos:

TRAMO I	-	Menos de 26.000 €
TRAMO II	-	De 26.001 € a 30.000 €
TRAMO III	-	De 30.001 € a 38.000 €
TRAMO IV	-	De 38.001 € a 50.000 €
TRAMO V	-	Máis de 50.001 €

c) A comisión do FAS publicará nos taboleiros e na intranet do concello a admisión ou exclusión dos solicitantes.

Os interesados poderán formular as reclamacións que sexan procedentes no prazo de 30 días naturais dende a publicación do listado de admitidos e excluídos.

A axuda pagarase na conta consignada para o ingreso da nómina.

d) O prazo máximo para resolver as solicitudes será de 6 meses, a partir do día seguinte ao da finalización do prazo de presentación das instancias.

5.- Contía da axuda.

A estimación apróximada das cuantías máximo a percibir en cada tramo, serán as seguintes:

TRAMO I	-	790 €
TRAMO II	-	585 €
TRAMO III	-	435 €
TRAMO IV	-	320 €
TRAMO V	-	250 €

A comisión do FAS poderá modificar a anterior repartición cando, polo número de instancias presentadas o orzamento establecido para esta axuda non fose abondo para a aplicación dos importes sinalados no punto anterior, de xeito que estes sexan minguados proporcionalmente ata que o importe global das solicitudes aprobadas non supere o importe establecido para esta axuda.

Así mesmo, as cantidades asignadas poderanse incrementar proporcionalmente ata o límite da partida orzamentada, se o número de solicitudes aprobadas así o permite.

2.- O Pleno do Concello, en sesión de data 28/01/2013, adoptou acordo de modificación puntual do artigo 30 do Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo e do Regulamento reitor do Fondo de Acción Social (expediente administrativo nº 23.765/220); acordo de aprobación inicial publicado no BOP nº 57, do xoves 21 de marzo do 2013.

## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- O Regulamento rector do Fondo de Acción Social (FAS) establece no seu artigo 5 as funcións e competencias da Comisión Xestora do Fondo de Acción Social (CXFAS) preceptuando que corresponde á mesma:

1.- Elaboración e proposta de aprobación ao órgano competente das bases reguladoras das convocatorias ordinarias e extraordinarias do Fondo de Acción Social.

2.- Elaboración e proposta de aprobación ao órgano competente das convocatorias concretas, de carácter ordinario ou extraordinario, susceptibles de ser aprobadas dentro de cada exercicio orzamentario.

3.- Recepción, estudio e avaliación das solicitudes de axudas presentadas, con formulación da proposta de outorgamento individualizado ao órgano municipal competente.

4.- Arquivo e custodia da documentación presentada polos solicitantes na sede física correspondente, garantindo a posta a disposición da mesma aos órganos responsables da fiscalización e control orzamentario e contable, así como da Corporación Municipal e do persoal municipal, ostentando a titularidade dos ficheiros de datos sometidos á Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, e normativa de concordante aplicación.

5.- Elaboración de memoria anual relativa á actividade da propia Comisión e á xestión administrativa e orzamentaria do Fondo de Acción Social (FAS) aos efectos de dar conta do mesmo ao órgano municipal competente para a xestión do persoal municipal, garantindo a súa difusión entre o persoal municipal.

6.- Elevación ao órgano municipal competente para a xestión do persoal municipal de propostas de mellora, reordenación ou reorganización dos diferentes programas e actuacións contidos no presente regulamente, dirixidas á mellora das condicións sociais dos efectivos públicos municipais.

7.- Planificación, calendarización e desenvolvemento efectivo das actuacións necesarias para a execución dos programas do FAS, coa obriga de manter permanentemente informados de tal extremo ao órgano municipal competente e ao persoal municipal.

8.- En xeral, calquera outra función que se precise para un mellor cumprimento dos obxectivos relacionados coa xestión do Fondo de Acción Social (FAS) tendentes á mellora das condicións sociais do persoal municipal.

II.- No artigo 7 do regulamento contéplase que:

“As convocatorias do Fondo de Acción Social (FAS) poderán ter carácter ordinario ou extraordinario, nos termos e co contido que se determine pola Comisión Xestora a través das correspondentes bases, rexendo para o desenvolvemento das mesmas os principios seguintes:

-Publicidade, garantindo a difusión e coñecemento das mesmas polo persoal municipal.

-Igualdade, nos termos dos requisitos de capacidade económica que se establezan pola Comisión Xestora do FAS a través das correspondentes bases.

-Protección do dereito constitucional á intimidade persoal e familiar contido no artigo 18 da Constitución de 1978 e garantía do cumprimento das previsións da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, e normativa de concordante aplicación.

-Solidariedade, obxectividade e equidade na xestión dos programas integrantes do Fondo de Acción Social.

-Responsabilidade na xestión económica do Fondo de Acción Social e no exercicio das funcións atribuídas á Comisión, con especial referencia á obriga de verificación e contraste da veracidade da documentación aportada, debendo velar pola ausencia de falsidade en relación aos documentos aportados polos solicitantes.”

III.- O artigo 8 da mesma norma regulamentaria contempla, en canto aos beneficiarios das axudas, que:

“1.- Poderán solicitar axudas con cargo aos programas contemplados no FAS o persoal municipal encadrado no cadro de persoal orzamentaria e o personal laboral declarado indefinido por resolución xudicial firme.

2.- As solicitudes efectuaranse no modelo normalizado que se aprobará conxuntamente coas bases, adxuntando a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos establecidos nas mesmas, debendo aportarse na sede física da Comisión Xestora do FAS, que deberá acusar recibo formal das mesmas ao solicitante.

O prazo para a presentación de solicitudes figurará en cada unha das convocatorias concretas, debendo expresamente contemplar a data de finalización do mesmo.

As convocatorias deberán ser difundidas entre o persoal municipal para coñecemento, ben mediante a inserción de anuncios nos taboleiros dispoñibles nas distintas dependencias municipais, ou ben mediante medios electrónicos ou informáticos (intranet, correo electrónico).”

IV.- En canto á resolución da convocatoria, o artigo 9 recolle que:

“Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, a Comisión Xestora do Fondo de Acción Social procederá a realización das actuacións previstas no artigo 5 do presente regulamento, formulando en consecuencia proposta de resolución ao órgano municipal competente para a aprobación das retribucións do persoal municipal. En relación coa tramitación administrativa, o Presidente/a da Comisión remitirá a proposta efectuada, debidamente motivada e xustificada á Área de Recursos Humanos e Formación, aos estritos efectos de imputación orzamentaria e contable, previos á preceptiva fiscalización do gasto, necesaria para a aprobación polo órgano municipal competente.”

A este respecto, déixase constancia expresa de que a Área de Recursos Humanos e Formación informa a presente proposta de acordo en cumprimento do establecido no propio Regulamento rector, aos estritos efectos da imputación orzamentaria e contable do importe total das axudas propostas, non correspondendo ao mesmo a verificación documental, o estudio, análise e avaliación de outorgamento das axudas solicitadas, nin a proposta de outorgamento individualizado das mesmas, que resulta ser competencia da Comisión Xestora.

V.- En canto á imputación orzamentaria e contable do gasto, e sempre sen prexuízo do que se estableza no marco da fiscalización preceptiva e previa do gasto nos termos do previsto no Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que pola Intervención Xeral Municipal se realice, aos efectos do preceptivo control da legalidade orzamentaria do gasto, debe indicarse que no Capítulo I de gastos dos vixentes Orzamentos Municipais para o exercicio económico 2016, existe unha aplicación orzamentaria específica (clasificación orzamentaria 22101620400-Fondo Social) dotada inicialmente cunha contía de 331.506,05 euros e adicada á financiación do Fondo e Acción Social, con cargo á cal enténdese debería procederse á imputación dos gastos que no seu día sexan propostos pola Comisión Xestora do FAS.

VI.- En consecuencia, e sempre nos termos do establecido polo regulamento rector do FAS, elévase a proposta da Comisión Xestora ao órgano municipal competente -Xunta de Goberno Local, ex artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, coa conformidade do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, segundo o indicado na seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“Primeiro.- Prestar conformidade á proposta formulada pola Comisión Xestora do Fondo de Acción Social (FAS), na súa sesión de 09/06/2016 e remitida a esta Área de Recursos Humanos e Formación en data 27/06/2016 e, en consecuencia, aprobar a convocatoria de axudas sociosanitarias 2016 segundo o Regulamento rector do mesmo aprobado polo Pleno do Concello en sesión de data 28/01/2013 (expediente administrativo nº 23.765/220- publicado no BOP nº 57, do xoves 21 de marzo do 2013). O importe máximo destinado a ditas axudas será de 275.000,00€ , con cargo a aplicación orzamentaria 2210 1620400 “Fondo Social” do vixente orzamento para o ano 2016.

Segundo.- Notificar o seguinte acordo á Sr. Presidente da Comisión Xestora do FAS e Comité de Persoal, aos efectos de garantir a debida difusión do texto da convocatoria obxecto de

aprobación nos termos do previsto nos artigos 7 e 8 do Regulamento rector do Fondo de Acción Social.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **ANEXO** CONDICIONS XERAIS.-

### 1.- Ámbito persoal e beneficiarios.

Poderán solicitar axudas o persoal municipal encadrado no cadro de persoal orzamentario e o personal laboral declarado indefinido por resolución xudicial firme. As axudas comprenderán ao traballador/a, cónxuxe e fillos/as menores de 25 anos (excepto discapacitados), que non teñan ingresos e convivan con este/a.

O persoal referido no parágrafo anterior deberá estar en situación de activo ou en excedencia por coidado de fillos/as, no prazo de presentación das solicitudes e reunir os requisitos esixidos polo programa.

No suposto de que dous empregados tivesen a condición de beneficiarios en relación co mesmo causante, só un deles terá dereito á axuda.

### 2.- Prazo de presentación de solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes será unha vez aprobada esta convocatoria pola Xunta de Goberno Local ata o 31 de agosto de 2016.

### 3.- Solicitudes e documentación complementaria.

c) As solicitudes efectuaranse no modelo normalizado, achegarase a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos establecidos nesta convocatoria e entregarse na sede física da Comisión Xestora do FAS(comité de persoal 5º andar). Esta acusará recibo formal da mesma e entregarse a/ao solicitante.

d) Documentación :

- Impreso de solicitude do Fondo Social.
- Fotocopia cotexada da factura ou orixinais (non se aceptan recibos), do concepto que motiva a axuda, con data de expedición dende o 01 de setembro de 2015 ata 30 de xuño de 2016.
- Páxina da declaración da renda onde figuran os datos familiares. Libro de Familia (só menores de 16 anos). No caso de fillos/as que non convivan co/a solicitante, documento



- que acredite a axuda económica.
- Parellas de feito, documentación acreditativa.

c) Requisitos e condicionantes das facturas e documentación a presentar:

- As facturas de gafas deberán especificar o importe da montura e dos cristais (para a montura concederáse unha axuda máxima de 100 €), e achegárase coa mesma a valoración optrometrista.
- As facturas de dentista deberán ser detalladas.
- A/o solicitante autoriza á comisión para comprobar as retribucións percibidas no concello.
- Queda excluída a limpeza bucal do traballador/a por estar cuberta pola mutua.

d) A ocultación de datos, a falsidade na documentación achegada ou a omisión da requirida, darán lugar á denegación da axuda solicitada ou á perda da concedida, coa devolución, neste último caso, das cantidades indevidamente percibidas, con independencia das responsabilidades a que tivese lugar. En calquera dos casos, non se poderá acceder a ningún tipo de axuda durante o tempo que determine a Comisión do FAS, atendendo á gravidade dos feitos, cun mínimo de cinco anos e un máximo de dez.

4.- Procedemento e resolución.

a) Rematado o prazo de presentación de solicitudes, procederá ao seu estudo e cualificación a Comisión do FAS, que, unha vez ultimada a súa xestión, formulará a listaxe de admitidos e excluídos, con indicación neste último caso da/s causa/s de exclusión.

Para comprobar a veracidade dos documentos achegados, a Comisión do FAS poderá requirir a calquera solicitante para que presente a certificación que considere oportunas.

Os requisitos e condicións familiares e persoais entenderanse referidos ao prazo de presentación da solicitude.

A reunión de todos os requisitos exixidos, tanto de carácter persoal, como documental ou formal, permitirá a estimación da solicitude. Pola contra, a falta dalgún dos anteriores requisitos ou documentos que se deben de achegar coa solicitude inicial producirá a desestimación da solicitude.

b) Para a concesión da axuda e atendendo ás retribucións anuais do solicitante, establécense os seguintes tramos:

TRAMO I	-	Menos de 26.000 €
TRAMO II	-	De 26.001 € a 30.000 €
TRAMO III	-	De 30.001 € a 38.000 €
TRAMO IV	-	De 38.001 € a 50.000 €
TRAMO V	-	Máis de 50.001 €

c) A comisión do FAS publicará nos taboleiros e na intranet do concello a admisión ou exclusión dos solicitantes.

Os interesados poderán formular as reclamacións que sexan procedentes no prazo de 30 días naturais dende a publicación do listado de admitidos e excluídos.

A axuda pagarase na conta consignada para o ingreso da nómina.

d) O prazo máximo para resolver as solicitudes será de 6 meses, a partir do día seguinte ao da finalización do prazo de presentación das instancias.

5.- Contía da axuda.

A estimación apróximada das cuantías máximo a percibir en cada tramo, serán as seguintes:

TRAMO I	-	790 €
TRAMO II	-	585 €
TRAMO III	-	435 €
TRAMO IV	-	320 €
TRAMO V	-	250 €

A comisión do FAS poderá modificar a anterior repartición cando, polo número de instancias presentadas o orzamento establecido para esta axuda non fose abondo para a aplicación dos importes sinalados no punto anterior, de xeito que estes sexan minguados proporcionalmente ata que o importe global das solicitudes aprobadas non supere o importe establecido para esta axuda.

Así mesmo, as cantidades asignadas poderanse incrementar proporcionalmente ata o límite da partida orzamentada, se o número de solicitudes aprobadas así o permite.

#### **8(811).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE REPARACIÓN E MANTEMENTO DA RÚA ESPERANTO. EXPTE. 3767/440.**

Dáse conta da proposta da Mesa de Contratación de data 27.07.16, que di o seguinte:

*A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 28 de xullo de 2016, realizou entre outras, as seguintes actuacións:*

*4.- Clasificación*

*b) Procedemento aberto das obras de reparación e mantemento da rúa Esperanto (3767-440)*

*Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, proponse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:*

*“Primeiro.- Excluir do procedemento aberto para a contratación das obras de reparación e mantemento da rúa Esperanto (3767-440), por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, ), por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, e non ter xustificado ós mesmos, consonte os informes do enxeñeiro municipal de data 27 de xullo de 2016, aos seguintes licitadores: SERGONSA SERVICIOS, S.L.; CANALIS SOLUCIONES TECNOLÓGICAS, S.L.; CIVIS GLOBAL, S.L.U.; ORESA, S.L. ; IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS; CETA CONTRATAS, S.L.; CONSTRUCCIONES DELFIN FERREIRO RODRIGUEZ, S.L. e CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento na seguinte orde decrecente:*

	<i>Empresas</i>	<i>Puntuación</i>
1	<i>COPCISA SA</i>	<i>96,40</i>
2	<i>NAROM SL</i>	<i>91,57</i>
3	<i>CONSTRUCCIONES FECHI SLU</i>	<i>91,05</i>
4	<i>CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS SL</i>	<i>87,11</i>
5	<i>PRACE, SERVICIOS Y OBRAS SA</i>	<i>86,83</i>
6	<i>ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION EDIFICACIÓN Y VIALES SL</i>	<i>85,94</i>
7	<i>CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS SA</i>	<i>83,76</i>
8	<i>XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS SL</i>	<i>83,12</i>
9	<i>ORECO EMPRESA CONSTRUCTORA</i>	<i>80,82</i>
10	<i>EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES PEREZ PORTELA SL</i>	<i>78,58</i>

*Terceiro.- Requiritur ao licitador clasificado en primeiro lugar, COPCISA, S.A, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- 3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- 4. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Cuarto.- Requiritur ao citado licitador o aboamento de 935,56 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me/rs

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Olga Alonso Suárez.